

■ **Inauguración da galería Metro en Vigo.**

O pasado 19 de setembro inaugurouse un novo espazo para a arte na rúa López de Neira nº3 de Vigo. A galería Metro arte contemporánea abriu as súas portas en pleno centro da cidade coa exposición de pintura titulada “Referentes”, na que se pode ver a obra de dez artistas galegos de referencia,



todos eles consolidados representantes da arte galega contemporánea: Jorge Castillo, Luís Caruncho, Correa Corredoira, Antón Lamazares, Manolo Moldes, Morquecho, Pedro Muiño, Antonio Murado, Antón Pulido e Manolo Rubial. A exposición permanecerá aberta ata o 25 de novembro.

Con esta mostra METRO marca o punto de partida dun programa expositivo enfocado fundamentalmente á arte galega na que terán cabida as propostas artísticas máis actuais. O propósito da galería é realizar principalmente exposicións colectivas, de artistas consagrados e de novos valores, aínda que ocasionalmente presentarase artistas de maneira individual.

Promovida polo GRUPO BITANGO, conglomerado de empresas con sede social en Madrid, que tamén patrocina e auspicia a FUNDACIÓN FEIMA (entidade privada sen ánimo de lucro para a promoción e difusión da arte e a cultura galega), a galería METRO arte contemporánea foi creada co ánimo de fomentar o coleccionismo de arte como mecanismo de difusión, promoción

e revalorización do patrimonio artístico e cultural e contribuír á profesionalización dos nosos creadores, ofrecendo unha moi interesante selección de obras de artistas actuais.

Metro Vigo é a segunda galería do grupo. O pasado ano abriu en Santiago de Compostela a primeira delas co mesmo nome e ten previstas novas aperturas en Madrid e outros lugares do Estado.

Metro arte contemporánea
R/ López de Neira, 3 Edificio Puerta Príncipe, local 12 I – Vigo.

R/ Rúa Nova, 24 I 15704 - Santiago de Compostela.

■ **Aquagest leva a auga a máis dun milleiro de galegos**

Fai xa 37 anos que Aquagest leva prestando os seus servizos na xestión do ciclo integral da auga en Santiago de Compostela, Ourense, Pontevedra, Carballo, Viveiro, Xinzo, Betanzos, Ribeira e 50 Concellos máis da nosa Comunidade.

Un equipo de 500 homes e mulleres que día tras día, desempeñan o traballo responsable de levar a auga a máis de 1.000.000 habitantes de Galicia, e de conseguir ademais que, unha vez consumida por todos nós, poidámola devolver ao medio natural nas mesmas condicións que tiña antes do seu uso.

Alfonso Luaces, Director de Aquagest en Galicia o conta dunha forma sinxela: “Esta é a nosa profesión, pero ademais, tamén é unha vocación e un compromiso de servizo aos nosos clientes, xa que a confianza que depositan en nós, é o elemento fundamental que nos ilusiona e motiva para continuar durante moitos anos máis desenvolvendo o noso labor nesta fermosa terra”.

■ **Inauguración de la galería Metro en Vigo.**

El pasado 19 de septiembre se inauguró un nuevo espacio para el arte en la calle López de Neira nº3 de Vigo. La galería Metro arte contemporánea abrió sus puertas en pleno centro de la ciudad con la exposición de pintura titulada “Referentes”, en la que se puede ver la obra de diez artistas gallegos de re-



ferencia, todos ellos consolidados representantes del arte gallego contemporáneo: Jorge Castillo, Luís Caruncho, Correa Corredoira, Antón Lamazares, Manolo Moldes, Morquecho, Pedro Muiño, Antonio Murado, Antón Pulido y Manolo Rubial. La exposición permanecerá abierta hasta el 25 de noviembre.

Con esta muestra METRO marca el punto de partida de un programa expositivo enfocado fundamentalmente al arte gallego en el que tendrán cabida las propuestas artísticas más actuales. El propósito de la galería es realizar principalmente exposiciones colectivas, de artistas consagrados y de nuevos valores, aunque ocasionalmente se presentarán artistas de manera individual.

Promovida por el GRUPO BITANGO, conglomerado de empresas con sede social en Madrid, que también patrocina y auspicia la FUNDACIÓN FEIMA (entidad privada sin ánimo de lucro para la promoción y difusión del arte y la cultura gallega), la galería METRO arte contemporánea ha sido creada con el ánimo de fomentar

el coleccionismo de arte como mecanismo de difusión, promoción y revalorización del patrimonio artístico y cultural y contribuir a la profesionalización de nuestros creadores, ofreciendo una muy interesante selección de obras de artistas actuales.

Metro Vigo es la segunda galería del grupo. El pasado año abrió en Santiago de Compos-



tela la primera de ellas con el mismo nombre y tiene previstas nuevas aperturas en Madrid y otros lugares del Estado.

Metro arte contemporánea
C/ López de Neira, 3 Edificio Puerta Príncipe, local 12 I – Vigo.

C/ Rúa Nova, 24 I 15704 Santiago de Compostela.

■ **Aquagest lleva el agua a más de un millar de gallegos.**

Hace ya 37 años que Aquagest lleva prestando sus servicios en la gestión del ciclo integral del agua en Santiago de Compostela, Ourense, Pontevedra, Carballo, Viveiro, Xinzo, Betanzos, Ribeira y 50 Ayuntamientos más de nuestra Comunidad.

Un equipo de 500 hombres y mulleres que día tras día, desempeñan el trabajo responsable de llevar el agua a más de 1.000.000 habitantes de Galicia, y de conseguir además que, una vez consumida por todos nosotros, la podamos devolver al medio natural en las mismas condiciones que tenían antes de su uso.

Alfonso Luaces, Director de Aquagest en Galicia lo cuenta de una forma sencilla: “Esta es

Aquagest foi creada pola Sociedad General de Aguas de Barcelona en 1969.

■ Nace Buxa, Asociación Galega do Patrimonio Industrial.

Buxa, Asociación do Patrimonio Industrial de Galicia, ven de inscribirse no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia. O obxectivo fundamental da nova asociación é a recuperación do patrimonio industrial. O seu presidente, Manuel Lara Coira, doutor Enxeñeiro Industrial e profesor da Universidade da Coruña considera que “Conseguir o interese e o afecto público polo patrimonio industrial, favorecendo a apreciación dos seus valores, é sen dúbida a maneira máis segura de conservalo”.

A Asociación propónse investigar o patrimonio industrial (arqueolóxico, antigo, moderno e contemporáneo), difundilo, recuperalo e promovelos. Buxa organizará estudos e eventos, e promoverá publicacións coa fin de difundir os valores do mencionado patrimonio industrial.

Segundo o profesor Lara Coira, a recuperación do patrimonio cultural, e en particular, das pegadas da industrialización pode —e debe— levar asociadas actividades de claro contido económico que axuden a tal recuperación pero que, por riba de todo, garantan a súa conservación e continuidade no tempo. A propia construción e conservación, o mantemento funcio-

nal, o turismo especializado e os usos educativos son algunhas posibles actividades que deben terse en conta desde a orixe de calquera proxecto deste tipo.

■ Segunda edición do disco de Bonovo, tradición e vangarda explorando máis alá do coñecido.

Roberto Grandel, Pulpiño Viascón e Óscar Fernández, un trío que pretende abrir un novo camiño no panorama do folk galego.

Fresco, elegante, enerxético e contundente. Así se define Bonovo, grupo que nace co propósito de colmar as inxeadas de tres coñecidos músicos galegos, Óscar Fernández, Roberto Grandel e Pulpiño Viascón, que camiñan na busca dun son que non entende de etiquetas, capaz de romper as barreiras do establecido e que ten como principio fundamental a fusión de tres instrumentos e personalidades propias.

O primeiro traballo de Bonovo, que saíu ao mercado en maio de 2008 e representa fielmente o traballo da banda en directo, vén de esgotar a súa primeira edición.

A segunda edición xa está á venda e pódese adquirir en tendas de discos, librerías e grandes superficies de toda Galicia, así como en centros comerciais de España e Portugal.

O 7 de decembro tocarán no Fórum Fnac da Coruña.



nuestra profesión, pero ademais, tamén es una vocación y un compromiso de servicio a nuestros clientes, ya que la confianza que depositan en nosotros, es el elemento fundamental que nos ilusiona y motiva para continuar durante muchos años más desarrollando nuestra labor en esta hermosa tierra”.

Aquagest fue creada por la Sociedad General de Aguas de Barcelona en 1969.

■ Nace Buxa, Asociación Galega do Patrimonio Industrial.

Buxa, Asociación do Patrimonio Industrial de Galicia, acaba de inscribirse en el Rexistro Central de Asociacións de la Xunta de Galicia. El objetivo fundamental de la nueva asociación es la recuperación del patrimonio industrial. Su presidente, Manuel Lara Coira, doctor Ingeniero Industrial y profesor de la Universidad de A Coruña considera que “Conseguir el interés y el afecto público por el patrimonio industrial, favoreciendo la apreciación de sus valores, es sin duda la manera más segura de conservarlo”.

La Asociación se propone investigar el patrimonio industrial (arqueológico, antiguo, moderno y contemporáneo), difundirlo, recuperarlo y promoverlo. Buxa organizará estudios y eventos, y promoverá publicaciones con el fin de difundir los valores del mencionado patrimonio industrial.

Según el profesor Lara Coira, la recuperación del patrimonio cultural, y en particular, de las huellas de la indus-

trialización puede —y debe— llevar asociadas actividades de claro contenido económico que ayuden a tal recuperación pero que, por encima de todo, garanticen su conservación y continuidad en el tiempo. La propia construcción y conservación, el mantenimiento funcional, el turismo especializado y los usos educativos son algunas posibles actividades que deben tenerse en cuenta desde el planteamiento de cualquier proyecto de este tipo..

■ Segunda edición del disco de Bonovo, tradición y vangarda explorando máis alá de lo conocido.

Roberto Grandel, Pulpiño Viascón y Óscar Fernández, un trío que pretende abrir un nuevo camino en el panorama del folk gallego.

Fresco, elegante, energético y contundente. Así se define Bonovo, grupo que nace con el propósito de colmar las inquietudes de tres conocidos músicos gallegos, Óscar Fernández, Roberto Grandel y Pulpiño Viascón, que caminan en la búsqueda de un sonido que no entiende de etiquetas, capaz de romper las barreras de lo establecido y que tiene como principio fundamental la fusión de tres instrumentos y personalidades propias.

El primer trabajo de Bonovo, que salió al mercado en mayo de 2008 y representa fielmente el trabajo de la banda en directo, acaba de agotar su primera edición.

La segunda edición ya está a la venta y se puede adquirir en tiendas de discos, librerías y grandes superficies de toda Galicia, así como en centros comerciales de España y Portugal.

El 7 de diciembre tocarán en el Fórum Fnac de Coruña.






DESCUBRE O TEU PAÍS

Telf.: 902 33 20 10 www.xacobeo.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo



FACENDO CAMIÑO

